

## ENTREVISTA

**E**n O reino medieval de Galicia, *leva a cabo Vde. un traballo de interpretación co que quere combater a visión da historiografía tradicionalista española, que nega a súa existencia. De onde ven tal negación do reino galego e cales foron as causas?*


-Fundamentalmente, provén do século XIX. Cando o liberalismo constrúe a historiografía española, vai optar por establecer unha secuencia que partiría desde os visigodos, pasaría logo por un reino de Asturias, continuaría cun reino de León, un reino de Castela e, finalmente, desembocaría en España. Isto faise así porque se queren buscar unhas raíces históricas do Estado liberal español, que xorde no século XIX, pero que se procura construír xustificándoo como unha nación desde sempre. E como nese momento a ideoloxía que está pesando é o castelanismo, quérese identificar España con Castela, constrúese a secuencia que acabo de mencionar. A consecuencia disto, Galicia desaparece da historia. Por outra parte, podemos sumar tamén a culpa propia. A historiografía galega, ao contrario da catalá, non é moi forte. Por iso non é capaz de facerlle fronte a ese embate do españolismo castelanista e sucumbe.

*- Pero é nesa mesma época cando se constrúe, non si?*

-Efectivamente. A historiografía de Galicia, igual que a de España e a dos demais países europeos, xorde a partir do século XIX. Aí temos a Vicetto, a Murguía, a López Ferreiro... que entran puntualmente na construción da historia. Xa estes historiadores, Murguía e Vicetto, discutiron, igual que o discuto eu, que se miramos cara ao pasado, do século XIX para atrás, e queremos ver cales son as raíces históricas de España e de Galicia, o discurso oficialista que montou a historiografía española non vale. Hai que seguir outras perspectivas, e nesa liña é onde se descobre a importancia que tivo o reino de Galicia. É dicir, que se imos á Idade Media, que é cando aparecen os reinos medievais, efectivamente existiu un reino de Galicia que foi protagonista. Isto non se pode negar.

*- Cal sería, entón, a cronoloxía que propón Vde. fronte a historiografía españolista?*

-Non se trata de buscar un espazo para que, en medio de toda a historia oficial, apareza un reino de Galicia. Porque esa Galicia, para comezar, non era a de hoxe, a autonómica. A Galicia da que falamos historicamente é a que procede da Gallaecia romana e do reino suevo. Espallábase, polo tanto, desde Cantabria ata cerca de Lisboa. O que propoño é o que propuxeron tamén outros historiadores: falar dun reino de Galicia dentro do cal estaba Asturias e estaba León. Polo tanto, nun período da Idade Media, cando se está a falar de Oviedo, non nos ten que levar a pensar nun reino de Asturias, porque naquel momento Asturias formaba constituía parte do territorio de Galicia. Xeograficamente era o reino de Galicia, aínda que tivese a capital en Oviedo. E o mesmo acontece cando a capital está en León. Ademais, temos aínda documentos bastante serodios que nos din que León era unha cidade de Galicia. Polo tanto, non é correcto falar de reino de Asturias ou de reino de León. En todo caso, se dicimos reino de León, que quede claro que o que queremos expresar é o seguinte: Galicia con capital en León. E se falamos dun reino de Oviedo, queremos dicir Galicia con capital en Oviedo. Iso sería o real.



MIGUEL NÚÑEZ

## Anselmo López Carreira

# “O liberalismo español fixo desaparecer a Galicia da historia”

*Anselmo López Carreira vén de publicar O reino medieval de Galicia, obra na que reivindicamos o protagonismo real que lle correspondeu ao país galego durante a Idade Media*

NATALIA ÁLVAREZ

*- Que fontes utilizou para levar a cabo este traballo?*

-Practicamente todas as fontes medievais que tiñan algún aspecto político que puidese valer para esta obra. Desde as altomedievais, situados no século VIII, que son moi poucas, naturalmente, deica o século XIV, fixen un percorrido por toda a documentación publicada, e mesmo

inédita, na que se recollen as citas políticas do que é o reino de Galicia, que definen o que é Galicia ou que nos contan algo sobre a situación política de Galicia neses momentos. Porque o traballo cínquese exclusivamente aos aspectos políticos, a como evolucionou este reino. E logo, loxicamente, falo do reino suevo dos séculos V e VI, e polo tanto, tamén utilizo fontes daquel período.

*- A min o que me sorprende é que, sendo as fontes as que son, se poida chegar a conclusións tan opostas.*

-Eu digo que temos que desprendernos da ideoloxía á hora de ver as fontes. Pero claro, iso é o que dirá todo o mundo. É máis, de min poderán dicir que son un historiador fortemente ideoloxizado porque estou a contar unha determinada historia. Ante isto, deféndome sinalando que mesmo algúns dos historiadores que fundamentaron a historia oficial de España, como Lafuente no século XIX ou Sánchez Albornoz no século XX, recoñecen que o nome que tiña aquel espazo político na Idade Media era Galicia, aínda que logo eles preferiran chamarlle reino de Asturias ou reino de León. Por que se chega a conclusións distintas? Porque partimos de supostos moi ideolóxicos. É dicir, as fontes non falan de seu, senón que falan en función da pregunta que lles fagas. Pero eu, honestamente, coido que hai que deixar a un lado toda a ideoloxía e, unha vez que lles preguntamos ás fontes, aceptar o que elas nos din.

*- Antes falaba da pobreza da historiografía galega. Cal é a situación actual?*

-Afortunadamente, isto cambiou. Mesmo no século XIX, cando se comezan a construír as historiografías actuais, non podemos dicir que fose moi pobre, porque nós, con poñer sobre a mesa a Vicetto, a Murguía e a López Ferreiro, poñemos tres historiadores dunhas cualidades excepcionais. O que acontece é que a fins do XIX, que é cando estes homes, máis ou menos, desaparecen, hai unha ofensiva moi forte dun esencialismo español que procede da Xeración do 98 e que se manifesta no terreo político. Deste xeito, todo o proceso de fortalecemento do nacionalism paralizase e, paralelamente, tamén se detén todo o aspecto historiográfico. Despois, coa ditadura de Primo de Rivera e, naturalmente, co franquismo, si que quedamos nunha situación de gran precariedade. Así como había unha promesa moi interesante a partir deses historiadores que citei, despois Galicia queda muda. Entón, cando se constrúe un paradigma historiográfico español moi forte, Galicia non é capaz de responder. Claro, hoxe a situación cambiou. A partir dos anos 70 do século XX podemos dicir que se produciu un florecemento na historiografía galega. E hoxe hai un movemento moi interesante en Galicia, sen dúbida.

*- Se me permite, voume poñer na pel do diño e voulle preguntar que utilidade pode ter para a Galicia actual esta revisión da historia oficialista española que Vde. fai.*

- O historiador ten a obriga ética de amosar o que cre que é a verdade. Outra cousa é a utilización que se faga diso. Que utilidade? Home, eu coido que a utilización da historia de Galicia ten que ser sempre positiva, porque a historia ten a misión de darlle á sociedade a mellor visión de si mesma. E Galicia está moi necesitada de vencer complexos de inferioridade. Nós, na historia, mirámonos como nun espello. Se a visión que temos de Galicia é a dun país que desaparece, ou vemos unha historia moi negativa, onde todo son fracasos, loxicamente, o noso nivel de autoidentificación e de orgullo como cidadáns é moi baixo. Se, polo contrario, aparecemos reflectidos nunha historia positiva, coido que a autoestima ten que medrar. E esa é a cuestión principal: que a nosa autoestima como país medre.